

## MEMORIA ANPA “A RAÑA” 2022/2023

Neste curso 2022/2023 a ANPA A RAÑA contou cun total de 117 familias asociadas. Coa entrega dos carnés de socios da ANPA todos eles recibiron un agasallo de benvinda: un altofante bluetooth.



Con este carné, todos os socios e socias da ANPA puideron disfrutar de diferentes descontos xestionados pola ANPA en diferentes establecementos do concello de Marín, durante todo o curso escolar. Con isto, ademais dun beneficio para os socios /as pretendemos colaborar e axudar ao pequeno comercio e favorecer a economía local.

A finais de outubro e principios de novembro colaboramos co IES Mestre Landín na celebración do Magosto (aportando castañas e asándoas) así como coa ambientación do centro para a celebración do Samaín.





Durante o mes de novembro e coa colaboración do centro puidemos facer os calendarios para o ano 2023 de cada grupo, coa finalidade de facilitar a posibilidade as familias de contar cunha fotografía de curso e recaudar beneficios para a ANPA.

En novembro tamén se celebrou a ESCOLA de FAMILIAS en colaboración co departamento de Orientación do Centro que programou unhas charlas durante 3 xornadas sobre a “Educación emocional na adolescencia”

## ESCOLA DE FAMILIAS

Espazo de lecer, reflexión e aprendizaxe



**SESIÓNS GRUPAIS:**  
**Temáticas:**


- o “Metereoloxía emocional: ou como manexar unha montaña rusa”
- o “Xente nova e leña verde, todo é fume: a comunicación na familia”
- o “Alerta, mar de fondo e marexada a forte marexada: xestión dos conflitos”

**DATAS:** Martes 15, 29 de Novembro e 13 de Decembro

No Nadal, agasallamos ao alumnado asociado cun detalle personalizado para cada un, así como tamén decoramos o centro montando un decorado na entrada do instituto.



Nestas datas tamén participamos no Mercado de Nadal das ANPAS organizado polo concello coa finalidade de recaudar fondos para a asociación.



NO entroido volvemos a colaborar co centro creando un decorado acorde coa temática proposta: o cine.





E coa colaboración das mulleres da Asociación Intercambio do Saber podemos celebrar o entroido con filloas.



Durante o curso intentamos sacar adiante a excursión de 4º ESO e aínda que finalmente non puido ser si que as familias tiveron a oportunidade de vender rifas, flores de pascua e produtos navideños grazas a xestión da ANPA.

No mes de xuño participamos na Feira do libro usado organizada conxuntamente polos CEIP de Seixo e Ardán .



Como Asociación de pais e nais e coa intención de mellorar os servizo do IES fixemos varios escritos presentados en sede electrónica. Por un lado, solicitando beirarrúas ao Concello para mellorar a seguridade de acceso ao instituto. Presentamos tamén un escrito na Xunta para que se mantivesen as paradas das liñas de transporte escolar para o alumnado matriculado no centro e que ten uns dereitos adquiridos.

Como agasallo de final de curso todo alumnado asociado recibiu un VALE para o CINE SEIXO, que podían disfrutar durante o verán. Ademais de agasallar ao alumnado parécenos

importante que coñezan este cine que ademais de ser cultura temos a sorte de que nun concello pequeno como Marín poidamos disfrutar dunha sala de cine.



Para rematar o curso, colaboramos co centro na organización do Acto de Graduación do alumnado de 4º ESO celebrado na Finca de Briz. Ademais da decoración agasallamos a todos os rapaces cun pequeno detalle.

